

**ADDENDA AO CONVENIO QUE FOI SUBSCRITO O 13 DE DECEMBRO DE 2021 ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA NA MARIÑA LUCENSE**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que a Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Secretaría de Estado de Turismo e a Mancomunidad de municipios da Mariña Lucense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 13 de decembro de 2028 dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a modificación das cláusulas quinta, sexta e o anexo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.** O 13 de decembro de 2021 asinouse un convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e a Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística na Mariña Lucense e foi rexistrado para a súa entrada en vigor no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO) o 13 de decembro de 2021 e publicado no "Boletín Oficial do Estado" (BOE/BOE).

De conformidade coa cláusula décimo sexta do convenio, a duración prevista do mesmo non poderá exceder de catro anos, sen prexuízo das posibles prórrogas que puidesen outorgarse, sendo a vixencia inicial do mesmo ata o 13 de decembro de 2025.

Segundo a cláusula décimo sexta, as partes poden acordar de mutuo acordo e de forma expresa a prórroga e modificación do convenio.



**Segundo.-** Realizándose todas as achegas económicas das partes, é vontade destas proceder á prórroga e modificación do convenio. Por iso, con data 23 de abril de 2025, a Comisión de seguimento, en virtude das cláusulas novena e décimo sexta, acordou, por unanimidade, a modificación do convenio. Conforme a iso, decídese prorrogar o convenio por 3 anos, incluíndose o prazo para a presentación da xustificación das actuacións ao modificar as cláusulas QUINTA, apartado cuarto e SEXTA, apartado cuarto.

**Terceiro.-** Adicionalmente e en virtude do acordado polas partes na Comisión de seguimento, 23 de abril de 2025, elimínanse as cláusulas QUINTA, apartado terceiro e SEXTA, apartado terceiro, en referencia á esixencia da prestación de depósito ou aval bancario ás entidades locais executantes.

**Cuarto.-** Considerando o estipulado, decídese modificar o anexo de actuacións do convenio. A modificación do anexo final de actuacións non conleva alteración algunha do orzamento total do Plan de Sustentabilidade Turística.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia  
Antonio Casas Calviño

